

## INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 10 DE NOVEMBRO POLA QUE SE MODIFICA A INSTRUCCIÓN DO 6 DE NOVEMBRO DE 2020 POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS EXCEPCIONAIS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) NO MARCO DA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

En data 6 de novembro de 2020 ditouse a instrución da xerencia pola que se adoptan medidas excepcionais de prestación de servizos do persoal de administración e servizos (PAS) no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. Advertida omisión no articulado desta, é polo que esta xerencia dispón:

**ÚNICO.**- O punto terceiro da instrución da xerencia do 6 de novembro de 2020, modifícase nos seguintes termos

**TERCEIRO:** Exclusividade de traballo de xeito presencial

Non poderá acollerse ao traballo en réxime non presencial o seguinte persoal, agás o que teña autorizado o réxime non presencial de acordo coa referida instrución do 11 de setembro.

- a) O PAS que conte cun despacho ou oficina individual.
- b) As persoas responsables de servizos, áreas ou unidades.
- c) O PAS que, pola natureza dos servizos a prestar, non poida realizar as súas funcións de xeito non presencial.
- d) O PAS que ocupe postos adscritos á secretaría do equipo de goberno e da xerencia

A Xerenta

Raquel M. Souto García

*(documento asinado dixitalmente)*